

EPA “EDUARDO PONDAL”
CURSO 2024 -25
DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
“ECONOMÍA” 2º Bacharelato

| | |
|---------------------------------------|--|
| HORARIO TITORÍA LECTIVA | <i>Grupo mañá: Miércoles 10:00 – 11:45 (Aula 3.1) Grupo tarde: Lunes 19:00 - 19:45 (Aula 1.4)</i> |
| HORARIO TITORÍA DE ORIENTACIÓN | <i>Venres: 10:45 – 12:15 h</i> |
| PROFESORA | <i>Susana Carneiro López</i> |
| COORDINADOR BACHARELATO | <i>Fernando Díaz-Castroverde.</i> |
| AULA VIRTUAL da EPA | <i>http://www.edu.xunta.gal/centros/epaeduwardopondal/</i> |
| TELÉFONO DO CENTRO | <i>881 960901</i> |

1. MATERIAIS E RECURSOS.

- Aula Virtual da EPA:<http://www.edu.xunta.gal/centros/epaeduwardopondal/>

2. UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS.

| Avaliación | Sesións | Unidades didácticas |
|-------------------|----------------|---|
| 1ª | 1ª | UD.1 A ECONOMÍA E A EMPRESA. |
| | 2ª | UD.1 A ECONOMÍA E A EMPRESA. |
| | 3ª | UD.2 EMPRESARIO E ENTORNO EMPRESARIAL. |
| | 4ª | UD.2 EMPRESARIO E ENTORNO EMPRESARIAL. |
| | 5ª | UD.5 FUNCIÓN DE PRODUCIÓN. |
| | 6ª | UD.5 FUNCIÓN DE PRODUCIÓN. |
| | 7ª | UD.5 FUNCIÓN DE PRODUCIÓN. |
| | 8ª | UD.4 FUNCIÓN COMERCIAL. |
| | 9ª | UD.4 FUNCIÓN COMERCIAL. |
| | 10ª | Proba de avaliación Ud.1,2,4 e 5. |

| Avaliación | Sesións | Unidades didácticas |
|-------------------|----------------|--|
| 2ª | 1ª | UD.7 ESTRUTURA ECONÓMICA E FINANCEIRA DA EMPRESA. |
| | 2ª | UD.7 ESTRUTURA ECONÓMICA E FINANCEIRA DA EMPRESA. |
| | 3ª | UD.7 ESTRUTURA ECONÓMICA E FINANCEIRA DA EMPRESA. |
| | 4ª | UD.7 ESTRUTURA ECONÓMICA E FINANCEIRA DA EMPRESA. |
| | 5ª | UD.8 INVERSIÓN E FINANCIACIÓN DA EMPRESA. |
| | 6ª | UD.8 INVERSIÓN E FINANCIACIÓN DA EMPRESA. |
| | 7ª | UD.8 INVERSIÓN E FINANCIACIÓN DA EMPRESA. |
| | 8ª | Proba de avaliación Ud.7 e Ud.8 |

| Avaliación | Sesións | Unidades didácticas |
|----------------------|----------------------|---|
| 3^a | 1^a | UD.3 DIXITALIZACIÓN E INNOVACIÓN DA EMPRESA. |
| | 2^a | UD.3 DIXITALIZACIÓN E INNOVACIÓN DA EMPRESA. |
| | 3^a | UD.6 XESTIÓN DOS RRHH. |
| | 4^a | UD.6 XESTIÓN DOS RRHH. |
| | 5^a | UD.9 MODELO DE NEGOCIO. |
| | 6^a | UD.9 MODELO DE NEGOCIO. |
| | 7^a | Proba de avaliación Ud.3,Ud.6 e Ud.9 |

3. MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN.

UD1. A economía e a empresa.

- Coñece os distintos tipos de sociedades.
- Coñece as formas xurídicas.
- Relaciona cada forma xurídica coas responsabilidades legais dos seus propietarios e xestores e os requisitos de capital.

UD2. Empresario e entorno empresarial.

- Identifica e analizar as características do contorno no que a empresa desenvolve a súa actividade.
- Explica as diferentes estratexias e decisións adoptadas e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade.
- Avalía a capacidade de adaptación da empresa aos cambios do entorno.
- Identifica os elementos dunha análise DAFO.
- Describe as forzas competitivas de Porter
- Identifica os factores que determinan a localización e dimensión dunha empresa.
- Identifica estratexias de crecemento e o impacto na contorna.
- Valora a transcendencia futura das decisións de localización e a dimensión dunha empresa.

UD3. Dixitalización e innovación na empresa.

- Analiza o papel da I+D+I no desenvolvemento social e empresarial.
- Identifica novas tendencias e tecnoloxías con un alto impacto na economía.
- Identifica fontes de acceso a I+D+I.
- Recoñece a importancia da investigación e innovación.

UD4. A función comercial.

- Identifica e interpretar as diferentes estratexias de marketing.
- Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados.

UD5. A función comercial

- Calcular e interpreta a produtividade e a súa relación cos salarios.
- Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa.
- Calcular, interpreta e representa gráficamente o límiar de rendibilidade.

UD6. Xestión dos RRHH.

- Identificar os elementos personais da empresa e as funcións que desenvolven.
- Describe os equipos áxiles.
- Identifica as habilidades que demanda o mercado de traballo.
- Identifica as formas de contratación e as relacións laborais da empresa.
- Coñece as políticas de igualdade e de inclusión nas empresas.

UD7. Estrutura económica e financeira da empresa.

- Identificar a estrutura económica e financeira da empresa.
- Elabora o Balance de Situación e a Conta de Resultados.
- Analiza e interpreta a información contable e os estados financeiros.

UD8. Inversión e financiación da empresa.

- Identifica as fontes de financiación interna e externa da empresa.
- Realiza Valoración e selección de inversiones a través de métodos dinámicos e estáticos.

UD9. Modelos de negocio.

- Describe a validación do modelo de negocio.
- Coñece o modelo Lean Startup.
- Identifica o lenzo do modelo de negocio.

Analiza o mapa de empatía.

Elabora un plan de negocio básico.

Describe o proceso de creatividade: diverxencia e converxencia.

Identifica Dinámicas de xeración de novas ideas de modelos de negocio.

Identifica a competencia e os nichos de mercado.

Identifica as ferramentas de organización de ideas: Pensamento Visual o Visual Thinking.

Identifica o prototipado.

Analiza as ferramentas de presentación de ideas: o storytelling e o elevator pitch.

4. AVALIACIÓN.

Ao longo do curso académico se levarán a cabo tres evaluaciones nas datas sinaladas polo centro educativo e que se poderán consultar na páxina WEB ou taboleiro de anuncios da secretaría do Centro.

DATAS PREVISTAS PARA AS EXAMES DE AVALIACIÓN DE 2º DE BACHARELATO PARA O CURSO 2024/2025

1ª AVALIACIÓN: 18 Novembro - 22 Novembro.

2ª AVALIACIÓN: 17 Febreiro - 21 Febreiro.

3ª AVALIACIÓN:

-Exame da 3ª avaliação e ordinaria I de Economía (para o alumnado matriculado en 2º de Bacharelato que a teña pendente de 1º de Bacharelato): do 22 ao 24 de abril (consultar páxina WEB ou taboleiro de anuncios da secretaría do Centro)

-Exame da 3ª avaliação e ordinaria II de Economía: 5 Maio - 9 Maio.

4.1 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Se empregarán os seguintes instrumentos de evaluación:

- **PROBAS ESCRITAS -PE-** (Ponderación: **90%** na nota de cada evaluación).

Cada proba escrita abarcará as unidades didácticas que forman parte da programación da materia para ese período evaluativo, salvo que por circunstancias xustificadas isto non fora posible, en cuxo caso se

procederá a avaliar aqueles contidos impartidos ata a semana previa á realización dos correspondentes exames da evaluación.

- **TRABALLO NA AULA** (Ponderación: **10%** na nota de cada avaliación):

Enténdese por traballo na aula a participación e interese nas actividades realizadas ao longo do período de titoría, dirixidas a coñecer o nivel de consecución dos coñecementos mínimos necesarios para superar a materia, así como a realización de tarefas grupais ou individuais que propoña o docente.

4.1.1. TIPOLOXÍA DAS PROBAS ESCRITAS.

Constará de preguntas sobre a teoría contida nas unidades didácticas programadas para o trimestre e explicada na aula. A proba poderá ser de resposta múltiple, restando as respuestas erradas, preguntas curtas e preguntas curtas sobre un texto relacionado cos contidos a avaliar. Conterá ademáis preguntas de contido práctico, no caso de que estean presentes nas unidades didácticas programadas para o trimestre, e desenroladas na aula.

A nota final virá indicada numéricamente, debendo obterse unha nota mínima de 5 sobre 10 para poder superala.

4.1.2 .NÚMERO DE PROBAS ESCRITAS:

- Mínimo unha proba escrita por trimestre e máximo dous. Califica con nota numérica de 0 a 10.

A cualificación da avaliación de cada trimestre se calculará como media aritmética das puntuacións destas probas escritas.

Para facer media é necesario acadar unha nota mínima de 3,5.

Entenderase superada a avaliación cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

- Proba de avaliación final ordinaria. Unha no mes de Xuño, nas datas que determine o centro.

Dirixida a :

*Os alumnos que non acadaran 5 puntos nas probas escritas realizadas antes da avaliación ordinaria.

*Os alumnos que non se presentaran as probas escritas realizadas antes da avaliación ordinaria sen causa xustificada.

Na proba final ordinaria o alumnado se examinará das avaliacións que non superrou durante o curso.

A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais.

Entenderase superada a avaliación ordinaria cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios de cálculo de media descritos para as probas trimestrais.

- Proba de avaliación extraordinaria. Unha logo da avaliación final do período ordinario nas datas que determine o centro.

Dirixida a :

*Os alumnos que non acadaran 5 puntos na avaliación ordinaria.

*Os alumnoos que non se presentaran as probas da avaliación ordinaria sen causa xustificada.

Na proba final extraordinaria o alumnado se examinará de toda a materia.

Entenderase superada a avaliación extraordinaria cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5.

4.2 CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

O alumnado que acade a promoción a segundo curso coa materia pendente debe matricularse nela e cursala ao longo do curso.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

As titorías presenciais, son de dous tipos: titorías lectivas e titorías de orientación:

As **titorías lectivas**. Unha titoría semanal de asistencia obligatoria para o alumnado. Dedicaranse a tratar co alumnado os aspectos fundamentais da materia correspondente.

As **titorías de orientación. Dúas por semana os venres entre as 10:45 e as 12:15**. Dedicaranse a resolver dúbihdas e proporcionar a orientación necesaria para o mellor aproveitamento do estudo autónomo do alumnado.

IMPORTANTE:

A temporalización das unidades didácticas é aproximada.

No que respecta ao material de traballo e exercicios para a práctica, serán colgados no curso “ECONOMÍA” da aula virtual do centro.